

XUNTA DE GALICIA. Listaxes de contratación temporal de Xerocultores e Persoal de Servizos Xerais

O concello de Outes, a través do Servizo de orientación laboral, informa que no Diario Oficial de Galicia do 18 de marzo , a Xunta de Galicia publica a Resolución do 7 de marzo de 2019, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se acorda a apertura de novas listas para a incorporación de solicitudes para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia do grupo IV, categorías profesionais de Xerocultor e de Persoal de servizos xerais.

Titulación esixida:

- **Xerocultor/a:** Técnico en coidados auxiliares de enfermería ou equivalente ou Técnico de atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente.
- **Persoal de servizos xerais:** Graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.

Requisito contar co Celga 3 .

O prazo para a presentación de instancias finalizará o 30 de abril.

➤ Máis información:

- Diario Oficial de Galicia do 18 de marzo:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190318/AnuncioCA01-110319-0001_gl.html

- Ou no Servizo de Orientación Laboral

Curro da Praza s/n

Tel.: 981 826 050 ext 101

Atención ao público: luns e martes de 08:30 a 14:30 h